

QUE PODES FACER TI?

- 1. Tira do fío.** Indaga como se fabrica a túa marca favorita.
- 2. Descubre produtos téxtiles de Comercio Xusto** nas tendas e puntos de venda xestionados polas nosas organizacións. Hai máis de 140 en todas as comunidades autónomas:
www.comerciojusto.org/tiendas
- 3. Súmate ás campañas activas** para rastrexar a orixe e as condicións en que se produce a roupa que pos. Por exemplo, a Campaña Roupa Limpa: www.ropalimpia.org/es/
- 4. Racionaliza o teu consumo.** Compra menos roupa e de mellor calidade. O modelo *fast fashion* ou *moda rápida* baséase nunha intensa rotación das pezas de roupa para lles ofrecer continuamente novidades aos consumidores. Isto xera presións sobre as traballadoras e traballadores para poder cumprir cos esixentes prazos de entrega.
- 5. Elixe tecidos naturais** de produción ecolóxica en vez de sintéticos ou artificiais. Son reciclables e menos contaminantes, tanto na súa produción como na xestión dos residuos que xeran.

O **Comercio Xusto** é un sistema comercial solidario e alternativo ao convencional que persegue o desenvolvemento dos pobos e loita contra a pobreza.

Baséase en:

- **Condicións laborais e salarios adecuados** para os traballadores e traballadoras do Sur, que lles permitan vivir con dignidade.
- **Non explotación laboral infantil.**
- **Igualdade entre homes e mulleres:** ambos reciben un trato e unha retribución económica equitativa.
- **Respecto ao medio.** Os artigos fabricanse a través de **prácticas respectuosas co contorno no que se producen.**

SEGUÍDENOS EN:



www.facebook.com/CEComercioJusto



@CEComercioJusto



www.linkedin.com/company/coordinadora-estatal-de-comercio-justo



CEComercioJusto

VEN CELEBRAR O DÍA MUNDIAL DO COMERCIO XUSTO E

TIRA DO FÍO...



www.comerciojusto.org

QUE SABES SOBRE A ROUPA QUE POS?

No noso país, cada persoa gasta arredor de **437 euros en roupa ao ano**, pero que sabemos, en realidade, sobre a roupa que poñemos?

As grandes marcas especializáronse no deseño e na distribución. Para abaratar custos, a confección subcontrátase con talleres téxtiles do sueste asiático, A India ou Marrocos, onde os traballadores —na súa maioría mulleres— cosen a roupa por soldos miserables durante xornadas laborais que se estenden durante 12, 14 e incluso 16 horas diarias en talleres sen as mínimas condicións de seguridade e hixiene.

TIRA DO FÍO...

As etiquetas da nosa roupa infórmanos sobre a súa composición, orixe, instrucións de lavado..., pero hai moitas cousas que non din:

- 21 millóns de persoas en todo o mundo traballan en condicións de traballo forzoso nas diversas formas que adopta a **escravitude moderna**, como a servidume por débedas. O téxtil e o traballo agrícola son os dous sectores en que esta explotación extrema está máis xeneralizada.
- **Producir uns vaqueiros require case 7000 litros de auga.**



©CHETNA

- A India, Uzbequistán, A China, Bangladesh, Exipto, Tailandia e Paquistán son os países nos que hai unha maior **presenza de menores ao longo da cadea de produción** do téxtil.
- **Morte e confección** son un binomio frecuente. Un edificio coñecido como Rana Plaza, que aloxaba catro fábricas de roupa en Bangladesh, derrubouse en 2013 e causou 1138 mortes e máis de 1500 persoas feridas.

Tira do fio das inxustas realidades que agocha gran parte do téxtil convencional e...

... ELIXE COMERCIO XUSTO

Dámosche algúns exemplos dos grupos produtores aos que beneficiará a túa compra:

Mahaguthi (O Nepal)

Reúne uns 1200 artesáns e artesás, a maioría mulleres, organizados en pequenos grupos. Os beneficios que se xeran nas vendas destínanse a mulleres e menores, aos que se lles ofrece axuda en alimentación, roupa, vivenda, saúde, educación e formación profesional.

Taller de Mandaluyong (Filipinas)

Dálles emprego a mulleres en risco de exclusión, a maioría nais de familia que carecen de ingresos suficientes para vivir. No taller reciben formación profesional e tamén sobre dereitos laborais e dereitos das mulleres.



© TALLER DE SOLIDARIDAD

Agrocel (A India)

Os seus métodos de cultivo son naturais. Non utilizan produtos químicos xa que son nocivos para a terra e a saúde dos agricultores. Ademais de pagar un prezo digno pola produción (superior ao do algodón convencional), permítelles o acceso a mercados internacionais, facilítalles o material de cultivo e ofrécelles asesoría.